Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións en relación coa solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización

- 46067 - 36657 (10/PRE-013907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para planificar o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia, a avaliación que fai da situación na que se atopan ao respecto as centrais térmicas galegas, en concreto a de Meirama, e a súa participación nalgunha mesa ou espazo de coordinación co Ministerio de Transición Ecolóxica o algún outro departamento cara a esa transición, así como a súa opinión referida á súa planificación para a adaptación de Galicia ás exixencias europeas

- 46060 - 38795 (10/PRE-013924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia das dificultades existentes na negociación colectiva do sector de elaboración dos produtos do mar, o mantemento dalgunha xuntanza coa patronal ao respecto e as súas previsións referidas á revisión das condicións para a concesión de axudas a este sector co fin de garantir unhas condicións laborais axeitadas e facilitar a conciliación da vida familiar e laboral

- 46193 - 39911 (10/PRE-013934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo referida ao pagamento dos gastos hipotecarios e as súas intencións referidas ao incremento dos medios do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para posibilitarlles o labor de asesoramento ás persoas consumidoras de produtos financeiros, así como a posta en marcha dalgunha medida en materia de consumo fronte ás políticas comerciais e abusos das entidades financeiras



- 46135 - 40709 (10/PRE-013946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector e as actuacións que está a levar a cabo para apoiar e impulsar o comercio electrónico en Galicia, así como a súa opinión respecto da situación na que se atopan os pequenos comerciantes

- 45924 - 40650 (10/PRE-014040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación actual dos procesos de concentración parcelaria que se están a desenvolver nas parroquias de Están, Goián e Figueiró, no concello de Tomiño, os atrancos que impiden o seu remate e as medidas que se están a adoptar para superalos, así como as previstas polo Goberno galego no que atinxe á mobilidade das terras

- 46074 - 36616 (10/PRE-014060)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os datos referidos ao apoio prestado polo Goberno galego aos grupos de acción local do sector pesqueiro durante o período 2016-2018 e as accións adoptadas nos anos 2017 e 2018, así como a súa valoración respecto da evolución que presenta esta liña de traballo desde o ano 2009

- 46073 - 36626 (10/PRE-014062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da superficie marisqueira rexenerada, a súa valoración en relación co desenvolvemento do Plan de rexeneración das zonas improdutivas e o número de proxectos financiados pola Consellería do Mar neste ámbito en colaboración coas confrarías ou entidades asociativas do sector pesqueiro, así como as medidas que se van levar a cabo para ese fin

- 46072 - 36628 (10/PRE-014064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o contido da proposta presentada por Portos de Galicia a Portos do Estado para a mellora da sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se atopan nas proximidades, así como os prazos estimados pola Consellería do Mar para a súa execución

- 46071 - 36630 (10/PRE-014066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os medios humanos e materiais que posúe a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración que existe neste ámbito con outras administracións e o gasto orzamentario destinado para ese fin



- 46069 - 36634 (10/PRE-014069)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o contido do proxecto levado a cabo pola Confraría de Noia, con cargo a fondos europeos, para a comercialización do berberecho etiquetado cun selo de calidade, así como a achega económica da Consellería do Mar para ese fin

- 46250 - 36637 (10/PRE-014071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o traballo levado a cabo pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura e a valoración do Goberno galego en relación coa colaboración da Consellería do Mar co Instituto Español de Oceanografía ao respecto

- 46068 - 36640 (10/PRE-014073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro

- 46065 - 37842 (10/PRE-014077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto

- 46059 - 39134 (10/PRE-014087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a información e a opinión do Goberno galego en relación coa situación laboral existente no sector da elaboración dos produtos do mar con procesos de refrixeración, as súas previsións respecto da realización das actuacións necesarias diante da patronal co fin de axilizar a negociación para o asinamento do convenio colectivo do sector, así como a exixencia dunhas condicións laborais e salariais dignas para a concesión das axudas públicas

- 45925 - 40633 (10/PRE-014097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co resultado das eleccións para a renovación dos órganos de dirección das confrarías de pescadores celebradas no ano 2018 no que atinxe á representación das mulleres, así como do reducido número de candidaturas femininas presentadas, a realización dalgunha análise do seu baixo nivel de representación nos órganos de goberno relacionados co mar, as súas causas e as xestións que vai levar a cabo para acadar a paridade neles

- 46056 - 40808 (10/PRE-014099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación na que se atopa o edificio da antiga lonxa de Camariñas, as xestións que vai levar a cabo para dotala de utilidade e as súas previsións respecto da transferencia da súa titularidade ao Concello

- 46133 - 41210 (10/PRE-014100)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quintero Araújo, Paula

Sobre a situación na que se atopa o proceso de adxudicación e posterior apertura da cafetaría da Estación Marítima de Cangas

- 46229 - 42503 (10/PRE-014132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galiza na promoción e desenvolvemento dos campionatos de caza de raposo

- 46187 - 38746 (10/PRE-014194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún tipo de campaña institucional de fomento dos xoguetes que non conteñan estereotipos de xénero, de cara á época do Nadal e/ou noutras épocas do ano

- 46389 - 42694 (10/PRE-014245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os conflitos nos servizos de atención sanitaria urxente do Sistema galego de saúde

- 46198 - 42813 (10/PRE-014250)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o modelo de xestión do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

- 46197 - 42854 (10/PRE-014256)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración e intencións da Xunta de Galicia no relativo á situación do Servizo de Urgencias no hospital de Santiago de Compostela

- 46228 - 42969 (10/PRE-014260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do apoio do Goberno galego aos campionatos de caza do raposo, a xustificación ecolóxica desta actividade e as previsións respecto da súa abolición

- 46404 - 43145 (10/PRE-014270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis



Sobre as medidas adoptadas ou pendentes de adoptar polo Goberno galego para, a través do Sergas e da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) da Coruña, paliar a situación asistencial denunciada na atención á saúde mental na área da Coruña

- 46403 - 43363 (10/PRE-014284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos dos accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas correspondentes ao ano 2018, as medidas previstas ao respecto e as súas intencións referidas á demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

- 46196 - 43475 (10/PRE-014305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da necesidade dun cambio de sentido na xestión do conflito co persoal de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago, a súa política de recursos neste servizo e as previsións de cambios na dirección da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago

- 46402 - 43886 (10/PRE-014339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da falta de cobertura da praza de pediatría que atende os concellos de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo e as medidas adoptadas ou pendentes de adoptar pola Xunta de Galicia ao respecto

- 46388 - 43947 (10/PRE-014341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandaría e nos cultivos agrícolas

- 46401 - 44033 (10/PRE-014345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o servizo de atención pediátrica no centro de saúde do concello de Bueu

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **38576** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao impulso dun acordo entre os sindicatos e a patronal para mellorar as condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 38757 que tivo lugar na sesión plenaria do 24 de outubro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=5443>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46063
Data envío: 12/02/2019 14:04:57.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:04:48

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38702** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas aos prazos de construción, o orzamento, a dotación e equipamento do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á comparecencia do conselleiro de Sanidade en Comisión 3ª, para expoñer os orzamentos da Consellería para o ano 2019, que tivo lugar o 30 de outubro de 2018, e no que se falou deste asunto.

Pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-
orzamentos-2018-10-303.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-10-303.)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:59:50
Nº Rexistro: 45928
Data envío: 11/02/2019 12:59:50.326

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:59:47

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38712** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os inconvenientes derivados da carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Punto de Atención Continuada (PAC) que da asistencia fóra da quenda ordinaria de atención aos municipios de Ponteceso, Laxe e Cabana, cumpre rigorosamente as normas que regulan a ordenación de recursos de atención primaria e atención urxente extrahospitalaria en Galicia.

O PAC xunto cos servizos de atención primaria dos municipios aos que da asistencia, dá cobertura a 13.000 usuarios/as e conta con dotación e recursos de medicina de familia, enfermaría e persoal de servizos xerais.

Hai un equipo de médico/a e enfermeiro/a en horario de 15.00 a 8.00 horas todos os días da semana, e un reforzo dun segundo equipo de atención os días festivos e os domingos, nos que non hai atención ordinaria, en horario de 8.00 a 15.00 horas, segundo a frecuentación e demanda da poboación, sendo que nesta franxa de atención hai dous médicos/as e dúas enfermeiras/os.

A xestión das coberturas no caso de ausencias realízase ao 100% no PAC, realizando a contratación que corresponde a esas coberturas segundo os acordos asinados coas centrais sindicais.

O número de cidadáns aos que se dá cobertura non só non se ten incrementado dende a creación do PAC, senón que ten diminuído nun 20% pasando dunha poboación de 15.000 persoas ás actuais 13.000. Os ratios de poboación atendida e as asistencias realizadas, avaliando os datos de 2017, non xustifican un aumento da dotación, contemplando os datos medios de asistencias por profesional e día.



A través dos Puntos de Atención Continuada, que complementan aos equipos de atención primaria na quenda ordinaria de atención, dáse resposta e resólvense a maioría das demandas de atención, sen que as persoas teñan que desprazarse fóra da súa contorna para recibir asistencia sanitaria urxente. Esta accesibilidade está a disposición da poboación no PAC de Ponteceso-Laxe-Cabana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45852
Data envío: 11/02/2019 09:29:52.512

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 9:29:44

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **38745**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, “**a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de incidir na sensibilización e prevención da instauración dos estereotipos de xénero nos xoguetes**”, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten un compromiso firme co impulso da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que actualmente se recolle no VIII Plan Estratéxico, un instrumento marco no que se perfilan as medidas a desenvolver no período 2017-2020 para seguir avanzando nos distintos ámbitos.

Neste contexto, mencionar a campaña -Xoguetes para a igualdade. Xogamos Iguais. Os xoguetes non teñen sexo-, que foi levada a cabo o pasado Nadal coa participación da Secretaría Xeral de Igualdade e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo. A finalidade foi sensibilizar sobre o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes para así loitar contra os estereotipos de xénero que persisten. Ao seu abeiro distribuíronse carteis e marcapáxinas cun decálogo de consellos en centros comerciais, comercios, centros de ensino, centros de saúde e concellos.

A maiores, recordar que a Escola Galega de Consumo desenvolve unha importante actividade de formación e concienciación na que os valores de igualdade e non discriminación están presentes. Entre elas está o programa Infonadal-Consumo que promove a reflexión sobre como



inflúe a publicidade na elección dos regalos e ofrece uns criterios responsable para evitar os estereotipos de xénero, a través de charlas participativas e obradoiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:16:19
Nº Rexistro: 46188
Data envío: 13/02/2019 11:16:19.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 11:16:16

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38794** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coa patronal do sector da elaboración dos produtos do mar e cos sindicatos en relación coas dificultades existentes na negociación colectiva”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica valora de xeito positivo o acordo alcanzado polas empresas e a representación das traballadoras e traballadores deste sector, en virtude do labor de mediación desenvolvido polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Tratase dunha industria que é estratéxica para Galicia, que xera máis de 13.100 postos de traballo directos, polo que resulta esencial a súa estabilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:04:13

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **38923** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei**”, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pesar da escaseza de profesionais en listas de substitución, a xestión das libranzas e vacacións dos profesionais, faise con criterios técnicos que garanten unha asistencia sanitaria de calidade a todos os pacientes e facilita o goce de vacacións regulamentarias. O Servizo sanitario non se interrompeu en Soutelo nin en Forcarei

Os meses e horas de ausencias durante o 2018 no Centro de Saúde de Soutelo de Montes foron os seguintes:

No mes marzo, dous días de ausencia de dúas horas cada día; no mes de abril un día de ausencia de 3 horas; no mes de xuño un día de ausencia de 3 horas e no mes de xullo dous días cun total de 7 horas. En todos os casos se xurdira algunha incidencia durante esas horas, derivase ao Centro de Saúde de Forcarei, ademais notificase ao 061 esta circunstancia.

A vacinación da poboación realízase ao longo de todo o ano tanto en adultos como en pediatría de acordo co calendario vacinal establecido para cada idade.

Coincidindo co final de outono e comezo do inverno, prodúcese cada ano unha campaña dirixida a protexer á poboación máis vulnerable da gripe, realizada polo equipo asistencial, que xestiona e programa dita campaña de cada cota de profesionais en cada Centro de Saúde.

No caso da pediatría, en vacacións do/a titular procédese ao bloqueo de axenda e a valoración dos nenos por parte do médico de familia, con coñecemento e capacitación para atender aos menores.



No caso da matrona, cunha actividade media de 1,33 pacientes ao día, ao non dispoñer de matronas nas listas de substitución, prográmase a súa actividade antes das vacacións e as necesidades ou incidencias que xurdan durante a ausencia desta, son atendidas pola matrona de Cotobade, tanto en Carballedo como en Tenorio e valoradas polo médico de familia en caso de problemas de saúde. As urxencias obstétricas e xinecolóxicas aténdense no hospital de referencia durante todo o ano.

A análise da actividade dos Centros de Saúde de Forcarei e Soutelo reflicten que a dotación é adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos como na poboación infantil, para os veciños deste municipio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45851
Data envío: 11/02/2019 09:29:39.683

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 9:29:36

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38952** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Sergas para a execución da sentenza xudicial referida ao concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En execución da sentenza, por parte da Xerencia procedeuse ao nomeamento dos membros que constituirán a nova Comisión de avaliación da xefatura de servizo de psiquiatría, previa comunicación dos mesmos aos aspirantes, aos efectos de poder exercer estes o seu dereito á recusación. Constando no expediente o escrito de ambos aspirantes no sentido de non realizar recusación de ningún dos membros da mesma.

Unha vez publicada a resolución da xerencia coa composición da Comisión, por parte da presidenta desta Comisión, convocouse aos seus integrantes a unha primeira reunión co fin de proceder á constitución formal da Comisión, á revisión do procedemento a seguir nesta xefatura e a fixación do baremo e criterios de valoración do proxecto técnico .

Nesa primeira reunión analizouse o contido das sentencias e, con base no establecido no fallo das mesmas, determinouse o baremo a utilizar para a valoración do currículo aportado polos candidatos e acordouse pospoñer a una segunda reunión a fixación dos criterios para a valoración do proxecto técnico.

Tamén nesa reunión revisárase as puntuacións acadadas polos aspirantes con base nos méritos aportados no seu currículo, (segundo o baremo previamente acordado), e se concretará a data para a exposición pública por parte dos candidatos dos proxectos técnicos presentados no seu día.

Despois da valoración dos proxectos, e xunto coa puntuación obtida no baremo de méritos e da



dedicación exclusiva, elevarase á Xerencia a proposta de adxudicación do posto de xefe de servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45850
Data envío: 11/02/2019 09:29:31.449

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 9:29:28

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39135** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da situación laboral do persoal do sector da elaboración dos produtos do mar con procesos de refrixeración”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica valora de xeito positivo o acordo alcanzado polas empresas e a representación das traballadoras e traballadores deste sector, en virtude do labor de mediación desenvolvido polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Tratase dunha industria que é estratéxica para Galicia, que xera máis de 13.100 postos de traballo directos, polo que resulta esencial a súa estabilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:52:42
Nº Rexistro: 46088
Data envío: 12/02/2019 16:52:42.999

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 16:52:35

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39294** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para crear a figura do pediatra de área”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Representantes da Consellería de Sanidade, da Sociedade de Pediatría de Galicia (Sopega) e da Asociación Galega de Pediatría de Primaria (Agapap) reuníronse para analizar a proposta de creación, dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde, da nova categoría estatutaria de persoal facultativo de especialista de pediatría de área.

A creación desta nova categoría de pediatra de área foi unha medida avaliada nas distintas reunións que a Administración sanitaria mantivo anteriormente coas sociedades pediátricas para paliar o déficit de especialistas pediátricos, así como cos colexios médicos e co Consello Asesor de Pacientes.

Tratábase, en definitiva, doutra proposta coa que o Sergas quere afrontar o déficit de pediatras que afecta ao conxunto dos sistemas de saúde, nunha comunidade como a galega na que o 90 por cento das prazas de pediatras están cubertas con profesionais especializados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45849
Data envío: 11/02/2019 09:29:23.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 9:29:15

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39318** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos permisos e das vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A escaseza de profesionais de Atención Primaria é unha realidade que afecta non só a nosa Comunidade Autónoma senón tamén ao resto de Comunidades Autónomas de España.

No Centro de Saúde de Catoira hai unha profesional en situación de IT desde o 18 de setembro de 2018. Desde ese momento, nos meses de setembro, outubro e novembro foi cuberta a súa ausencia ben por substitución ou por intersubstitución.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do hospital de referencia así como do PAC, etc.

As ausencias dos profesionais, estanse a cubrir cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 13:02:45
Nº Rexistro: 45936
Data envío: 11/02/2019 13:02:45.811

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 13:02:37

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39912** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da sentenza do Tribunal Supremo referida ao pagamento do imposto das hipotecas”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está comprometida en todo momento coa protección dos dereitos das persoas consumidoras, polo que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia desenvolve un intenso traballo en favor da súa concienciación, o seu asesoramento, a súa formación e, por suposto, o seu acompañamento para facer efectiva calquera reclamación dirixida a restituílos.

Esta actuación lévase a cabo poñendo todos os medios materiais, humanos e técnicos que resulten precisos para estar ao lado das persoas que resulten afectadas por unha problemática destas características, pero tamén desde o respecto e a colaboración institucional. Neste sentido, mencionar que a normativa obxecto da decisión do alto tribunal é estatal e que, como consecuencia, foi modificada polo Goberno central por medio do Real Decreto-lei 17/2018, do 8 de novembro, polo que se modifica o Texto refundido da Lei do Imposto sobre

Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1993, do 24 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:15:48
Nº Rexistro: 46186
Data envío: 13/02/2019 11:15:48.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 11:15:44

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39997** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación laboral existente no Hospital Comarcal do Salnés”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Hospital do Salnés todos os servizos viron aumentados os seus espazos físicos que se acompañaron dunha importante innovación tecnolóxica e da dotación de cada un dos servizos cos materiais de última xeración, destacando así mesmo a importante dotación de recursos humanos. Non se pechan servizos, senón que se melloran.

As camas do Hospital do Salnés están sempre dispoñibles, independentemente de que nalgún período de tempo non estean activas. O Plan de Hospitalización de período estival contempla que se monitoriza diariamente tanto a demanda asistencial como a presión de urxencias, de tal xeito que se procede a poñer en funcionamento camas da terceira planta.

O número de pacientes ingresados en setembro e outubro está por debaixo da media de ingresos urxentes durante os dez primeiros meses do ano.

Dentro das melloras no ámbito dos recursos humanos, a través do Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en total estabilizáronse no Salnés 42 profesionais. O total de profesionais estabilizados na primeira fase foron 27, na segunda fase 9 e na terceira fase 6.



O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistenciais o requiran.

O Hospital do Salnés non só non perde calidade se non que está sempre á procura de mantela e melloralala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:59:31
Nº Rexistro: 45927
Data envío: 11/02/2019 12:59:31.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:59:28

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40003** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das demandas dos traballadores das empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre”**, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é coñecedor de que as centrais sindicais dos traballadores das ambulancias do transporte sanitario terrestre están a demandar a negociación do Convenio Colectivo para as empresas e traballadores de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia prorrogado desde o ano 2016.

En relación ao transporte sanitario urxente terrestre concertado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, trátase dun servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade, e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade. Un servizo que acada elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios cunha puntuación media do servizo de 9,3 (nunha escala de 0 a 10). Os contratos vixentes subscritos entre a Fundación e as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre recollen a obriga, destes últimos, con respecto ao persoal que empregue, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e do disposto no Convenio Colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

Tal como establece a lexislación laboral e social vixentes son os adxudicatarios, en relación ao seu persoal, os que ostentarán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de



empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse por dito persoal dereito algún en relación á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 ou á Consellería de Sanidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:59:20
Nº Rexistro: 45926
Data envío: 11/02/2019 12:59:20.826

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:59:16

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40253** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o número de veces que no ano 2018 os profesionais dos centros hospitalarios do Sergas puxeron en coñecemento do Goberno galego a posibilidade de saturación dos servizos de urxencias”**, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente no mes de outubro os ‘Plans de Continxencia’ para a época da gripe. Ditos Plans son elaborados e asinados por cada unha das EOXI en colaboración cos profesionais e remitidos á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Hai que ter en conta ademais que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á discontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.

Os Servizos de Urxencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urxencias nalgúns hospitais como o CHUAC, O Hospital do Salnés, melloras no servizo de urxencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urxencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Costa para realizar a triaxe, etc.



En calquera caso, o Servizo Galego de Saúde segue a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

Os Servizos de Urgencias dos Hospitais do Servizo Galego de Saúde están dimensionados, tanto en estrutura física como en recursos humanos e técnicos, para atender dunha maneira axeitada a un número determinado de pacientes, en base a poboación de referencia que atenden.

Seguimos a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

O Servizo Galego de Saúde fai un seguimento continuo da actividade e tempos de agarda de todos os servizos e hospitais da rede pública de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:33:01
Nº Rexistro: 45960
Data envío: 11/02/2019 16:33:01.285

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:32:57

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40263** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da política que está a levar a cabo co peche de servizos na sanidade”**, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Hospital do Salnés todos os servizos viron aumentados os seus espazos físicos que se acompañaron dunha importante innovación tecnolóxica e da dotación de cada un dos servizos cos materiais de última xeración, destacando así mesmo a importante dotación de Recursos Humanos. Non se pechan servizos, senón que se melloran.

As camas do Hospital do Salnés están sempre dispoñibles, independentemente de que en algún período de tempo non estean activas. O Plan de Hospitalización de período estival contempla que se monitoriza diariamente tanto a demanda asistencial como a presión de urxencias, de tal xeito que se procede a poñer en funcionamento camas da terceira planta.

O número de pacientes ingresados en setembro e outubro está por debaixo da media de ingresos urxentes durante os dez primeiros meses do ano.

Dentro das melloras no ámbito dos recursos humanos a través do Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en total estabilizáronse no Salnés 42 profesionais. O total de profesionais estabilizados na primeira fase foron 27, na segunda fase 9 e na terceira fase 6.

O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistenciais o requiran.



O Hospital do Salnés non só non perde calidade se non que está sempre á procura de mantela e melloralala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:32:53
Nº Rexistro: 45959
Data envío: 11/02/2019 16:32:53.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:32:50

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40348** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galega, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para rematar coas deficiencias existentes na área de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“De maneira continua e seguindo os protocolos establecidos polo servizo de Medicina Preventiva realízanse revisións que permiten levar a cabo as reparacións que sexan necesarias, como neste caso puntual o foi a reparación das baldosas caídas.

A limpeza das habitacións é diaria e realízase baixo os controis habituais polo servizo de Medicina Preventiva.

Os pacientes inmunodeprimidos teñen un riesgo maior de infeccións oportunistas (endóxenas e nosocomiais) e polo tanto precisan de intervencións especiais de control de infeccións para evitar a transmisión en entornos de atención médica. Isto abarca desde o entorno de protección total ata o aillamento inverso simple con precaucións estándar (uso de mascarilla e bata).

A sala de espera dos paciente oncolóxicos está dotada de material para nenos (sillas, mesas, xogos, TV, videoconsola, libros), e polo que se refire aos tempos de espera para consulta son consecuencia de que os pacientes acoden a primeira hora para realizar as analíticas, polo que a consulta non pode comezar ata que non se teña o resultado das mesas, pois moitos dos ingresos ou transfusións dependen dos resultados daquelas.



Nestes momentos desde a Xerencia se está a realizar unha análise da ocupación da área de pediatría co obxectivo de dimensionar adecuadamente a área de hospitalización de oncopediatría así como outras actuacións a levar a cabo nas áreas ambulatorias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:32:45
Nº Rexistro: 45958
Data envío: 11/02/2019 16:32:45.176

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:32:09

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40444** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación asistencial do Centro de Saúde de Mugardos**”, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O edificio do Centro de Saúde do Concello de Mugardos ven de asumirse tras o acordo asinado coa FEGAMP e nos últimos meses realizáronse as seguintes intervencións de acondicionamento do mesmo:

- Instalación dun elevador.
- Reordenación dos espazos de asistencia infanto-maternal.
- Cambio da instalación de calefacción a unha máis eficiente.

Procederáse tamén a reparación das cubertas e illamento, mellorando a eficiencia acústica, pendente da preceptiva licenza municipal.

Coma xa se informou ao concello, as dificultades para dispor de facultativos nas listas de contratación fai que estea limitada a cobertura das ausencias.

Ademais o proceso de concurso de traslado e os períodos de toma de posesión dos mesmos dificultaron a cobertura de facultativos na xerencia, e polo tanto tamén no concello de Mugardos.



En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, permisos e as vacacións sempre que é posible ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46058
Data envío: 12/02/2019 14:03:40.337

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:03:37

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40547** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade respecto da derivación ao Centro de Saúde de Ponteareas, na provincia de Pontevedra, das 593 crianzas correspondentes aos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e do Covelo”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible. O concello de Mondariz conta con 463 menores de 14 anos. Durante o mes de agosto, e algúns días de setembro, por mor da ausencia imprevista da pediatra titular, a atención sanitaria aos nenos e nenas do citado cupo trasladouse ao Centro de Saúde de Ponteareas, ante a indispoñibilidade de persoal substituto. Dende o pasado 25 de setembro, a consulta de pediatría volveuse a retomar no propio centro de saúde de Mondariz. No concurso de traslados que se está a levar a cabo nestes momentos, a pediatra titular obtivo destino noutro centro, estando previsto sacar a praza vacante para a súa cobertura por aqueles especialistas dispoñibles.

Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46057
Data envío: 12/02/2019 14:03:32.352

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:03:25

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40651** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual e as actuación previstas polo Goberno galego para o remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a desenvolver nas parroquias de Están, Goián e Figueiró, no concello de Tomiño”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró (Tomiño - Pontevedra) está en fase de acordo pendente de firmeza, con toma de posesión provisional dada.

Estímase que durante o ano 2019, finalizarán os traballos de tramitación de modificacións do acordo e de validación, co que se poderá obter a firmeza do mesmo e elaborar os títulos de propiedade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:58:52
Nº Rexistro: 45923
Data envío: 11/02/2019 12:58:52.607

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:58:35

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40712** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para paliar e reverter o continuo peche de pequenos comercios”**, (publicada no BOPG número 390 do 28 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O sector comercial non é alleo á transformación dixital que se está a producir como consecuencia da incorporación á vida diaria de cidadáns e cidadás das tecnoloxías de información e comunicación e os cambios que están a provocar nos hábitos de consumo.

Tanto o comercio de proximidade galego como a Xunta son conscientes desta realidade e desde o primeiro momento se está a traballar para impulsar a modernización e innovación dos pequenos establecementos comerciais. O obxectivo é facilitar o apoio necesario para que desenvolvan novas formulas de promoción e comercialización que dean resposta a un mercado cada vez máis cambiante, onde o consumo dixital se mestura co presencial, pero tamén onde os valores destes comerciantes cobran máis vixencia á hora de diferenciarse e competir. Na actualidade, este compromiso recóllese no Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio Galego 2015-2020, unha folla de ruta consensuada co sector que contempla 55 accións específicas artelladas ao redor de tres grandes retos: incrementar a competitividade do comercio de proximidade; impulsar a súa dixitalización e omnicanalidade; e potenciar a súa excelencia, traballando na dinamización e na mellora continua”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46134
Data envío: 12/02/2019 20:06:03.028

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:05:59

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40809** formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da transferencia ao Concello da titularidade do edificio da lonxa vella de Camariñas”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia ten recibido por parte do Concello de Camariñas unha petición de cesión da titularidade da lonxa vella para a creación dun centro de interpretación de naufraxios.

Ante esta petición, o ente público ten solicitado ao Concello a presentación dunha memoria do proxecto para avaliar a viabilidade da cesión.

Esta memoria non se ten recibido polo momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46055
Data envío: 12/02/2019 14:03:12.446

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:03:08

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40965** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da adopción pola empresa Medtronic da decisión de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo ás 24 horas do día”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde formalizou acordos de colaboración para a mellora continua e para incrementar a calidade asistencial e eficiencia operativa de unidades asistenciais con Medtronic S.A.

Estes convenios son públicos e, como todos os convenios formalizados pola Consellería de Sanidade, atópanse dispoñibles e accesibles a toda a cidadanía no portal web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/consulta-convenios>).

Os profesionais da unidade de CardioloXía non teñen ningún incentivo específico relacionado coa cuestión formulada.

Os profesionais da empresa Medtronic non forman parte nin das unidades correspondentes nin da dirección das mesmas, e non teñen relación xerárquica algunha respecto do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Non hai integración xerárquica de ningún membro dunha empresa externa no cadro de dirección das unidades asistenciais das EOXIs.

Os profesionais do Sergas non están a ser tutorizados por ningunha empresa privada.



A Consellería de Sanidade continúa traballando na mellora da calidade asistencial, dunha forma rigorosa, utilizando argumentos técnicos e fundamentados, analizando e establecendo medidas de mellora para que a cidadanía galega continúe a ter un sistema sanitario público seguro e de calidade. E seguiremos realizando reunións periódicas da Comisión Técnica para avaliar e actualizar o PROGALIAM segundo as novas evidencias dispoñibles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46054
Data envío: 12/02/2019 14:02:59.837

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:02:51

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41009** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á modificación da súa posición actual en relación co cobro polo Concello de Vigo do IBI correspondente ao Hospital Álvaro Cunqueiro”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 19 de decembro de 2018 foi presentado aos sindicatos o documento de traballo do I Plan de Igualdade entre homes e mulleres no Servizo Galego de Saúde (2019-2022). que recolle un conxunto de medidas específicas que se incluíron no texto tras facer un diagnóstico da situación en distintas áreas das institucións sanitarias do Sergas. Este diagnóstico previo permitiu coñecer a situación actual, e posteriormente a súa evolución, expoñendo a necesidade ou non da incorporación ou mellora de medidas que se integrarán neste Plan.

O Plan representa o compromiso da sanidade pública galega de integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización como principio básico e ademais transversal (é dicir, que implica a todas as áreas de xestión da organización)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:31:56
Nº Rexistro: 45956
Data envío: 11/02/2019 16:31:56.269

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:31:53

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41211** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araujo, sobre **“a situación na que se atopa o proceso de adxudicación e posterior apertura da cafetería da Estación Marítima de Cangas”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia outorgou o 16 de outubro de 2018 a concesión para a explotación da cafetería da estación marítima de Cangas, cun prazo de dous meses para o inicio da actividade por parte da concesionaria.

Antes de expirar dito prazo a concesionaria presentou unha solicitude para facer unha remodelación no edificio.

Ante esta petición e para autorizar a actuación con todas as garantías, Portos de Galicia ten requirido unha mellora de documentación técnica, que estudará e outorgará, se procede, autorización para a obra, o que dilataría o prazo de apertura da cafetería”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46132
Data envío: 12/02/2019 20:05:46.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:05:43

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41215** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“a dispoñibilidade pola administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica dos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario e do Covelo no Centro de Saúde de Mondariz”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible. O concello de Mondariz conta con 463 menores de 14 anos. Durante o mes de agosto, e algúns días de setembro, por mor da ausencia imprevista da pediatra titular, a atención sanitaria aos nenos e nenas do citado cupo trasladouse ao Centro de Saúde de Pontearreas, ante a indispoñibilidade de persoal substituto. Dende o pasado 25 de setembro, a consulta de pediatría volveuse a retomar no propio centro de saúde de Mondariz.

No concurso de traslados que se está a levar a cabo nestes momentos, a pediatra titular obtivo destino noutro centro, estando previsto sacar a praza vacante para a súa cobertura por aqueles especialistas dispoñibles. Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:35:45
Nº Rexistro: 45970
Data envío: 11/02/2019 16:35:45.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:35:41

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41242** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dun plan de continxencia para a atención da epidemia gripal que contemple a dotación dos medios humanos e materiais necesarios que eviten o colapso asistencial habitual”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente no mes de outubro os ‘Plans de Continxencia’ para a época da gripe. Ditos Plans son elaborados e asinados por cada unha das EOXI en colaboración cos profesionais e remitidos á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Hai que ter en conta ademais que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á discontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.

Os Servizos de Urxencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urxencias nalgúns hospitais como o CHUAC, O Hospital do Salnés, melloras no servizo de urxencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urxencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Costa para realizar a triaxe, etc.



En calquera caso, o Servizo Galego de Saúde segue a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

Os Servizos de Urgencias dos Hospitais do Servizo Galego de Saúde están dimensionados, tanto en estrutura física como en recursos humanos e técnicos, para atender dunha maneira axeitada a un número determinado de pacientes, en base a poboación de referencia que atenden.

Seguimos a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

O Servizo Galego de Saúde fai un seguimento continuo da actividade e tempos de agarda de todos os servizos e hospitais da rede pública de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:44
Nº Rexistro: 45955
Data envío: 11/02/2019 16:30:44.894

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:30:41

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41294** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Luís Villares Naveira, sobre **“a dispoñibilidade pola Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 2099 que tivo lugar no pleno do 11 de xullo de 2018, e que versaba obre o mesmo tema.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=5> .

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:36
Nº Rexistro: 45954
Data envío: 11/02/2019 16:30:36.659

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:30:33

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41404** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“a política do Goberno galego en materia de atención das necesidades das persoas con dano cerebral adquirido”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta número 42379 que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do día 23 de xaneiro de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=8525.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=8525)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:27
Nº Rexistro: 45953
Data envío: 11/02/2019 16:30:27.940

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:30:24

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41426** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á modificación da súa posición actual en relación co cobro polo Concello de Vigo do IBI correspondente ao Hospital Álvaro Cunqueiro”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de marzo de 2006 asinouse o Convenio Marco de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade, Obras Públicas e Transportes, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo, para a construción do novo hospital de Vigo e dotación das súas infraestruturas, no que se recollía, na súa cláusula quinta, o compromiso do concello de Vigo de regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios públicos do pago do imposto sobre bens inmobles.

Como consecuencia do compromiso asumido no devandito Convenio Marco, o Concello de Vigo, en sesión plenaria de día 23 de outubro de 2006, aprobou unha modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles para o exercicio 2007 e seguintes incorporando a seguinte exención potestativa:

‘artigo 5. Exencións.

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

.....

i) Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentres que continúen afectados a uso sanitario’.

O 7 de decembro de 2018 o Concello de Vigo publica a modificación da ordenanza municipal, suprimindo o apartado i) do artigo 5.1.

Tal e como xa se alegou ante o Concello de Vigo esta modificación da normativa supón un incumprimento dos compromisos adquiridos polo Concello de Vigo no citado Convenio Marco



de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade, Obras Públicas e Transportes, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo.

O Servizo Galego de Saúde nos Convenios que se asinan cos Concellos en materia de colaboración sanitaria, para a construción de novos centros sanitarios, ou de cesión gratuíta de centros de saúde, ou de de ampliación de hospitais, etc, establece a mesma cláusula recollendo a colaboración dos concellos en materia tributaria mediante a exención do IBI a centros sanitarios de titularidade pública.

Por tales motivos o Sergas formulou escrito de alegacións ao Concello sobre a proposta de modificación, manifestando o incumprimento do Convenio Marco citado, e o prexuízo económico que este incumprimento poder supoñer ao Sergas.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:12
Nº Rexistro: 45952
Data envío: 11/02/2019 16:30:12.518

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:30:05

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **41461**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“o desenvolvemento do proceso de tramitación do expediente administrativo correspondente á solicitude da empresa Racso Soluciones, S.L. de autorización para a xestión de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil nunha nave en desuso do polígono de Botos”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á tramitación do proxecto, realizouse un trámite de avaliación ambiental simplificado porque era o que lle correspondía segundo establece a Lei de avaliación ambiental. No marco deste trámite, foi efectuada consulta ao Concello de Lalín, que non recibiu resposta, tal e como consta no texto do informe de impacto ambiental que se pode consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que ten unha vixencia de catro anos dende a súa publicación. En canto á resolución de caducidade, foi notificada ao Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:43:47
Nº Rexistro: 46231
Data envío: 13/02/2019 13:43:47.200

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:43:35

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41613** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á información que posúen as mulleres galegas respecto da vida útil da súa fertilidade”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade levou a cabo durante os últimos anos unha serie de medidas para paliar os efectos producidos polas altas temperaturas no Hospital Provincial de Pontevedra.

Entre a medidas adoptadas están a colocación de láminas reflectoras, a instalación de estores antitérmicos nas zonas de maior impacto de soleamento, ventiladores, equipos fixos individuais de frío e equipos de refrixeración portátiles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:35:36
Nº Rexistro: 45969
Data envío: 11/02/2019 16:35:36.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 16:35:30

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42067** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC**”, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42295 que tivo lugar na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=7424>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:43:57
Nº Rexistro: 46199
Data envío: 13/02/2019 12:43:57.464

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:43:54

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 42303** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo e as medidas adoptadas para evitalos”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 42302, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas deu información detallada das obras de desdoblamento que se están a levar a cabo actualmente no terceiro treito do corredor do Morrazo, para a súa conversión en autovía, e referiuse ás medidas ambientais que se teñen adoptado de cara á prevención e limpeza de posibles arrastres.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=3846>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=4590>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46405
Data envío: 15/02/2019 15:35:00.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 15:34:57

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34005** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados dos traballos da estratexia a curto e a longo prazo fronte a seca na que está a traballar a demarcación hidrográfica Galicia-Costa e as medidas de consumo responsable de auga está a planificar e desenvolver o Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

Os concellos son os competentes na xestión das redes de abastecemento e saneamento e, polo tanto, os que teñen a posibilidade e a responsabilidade de adoptar medidas respecto da xestión destas redes e respecto da forma de utilización dos servizos.

A Administración autonómica non pode interferir nas competencias da Administración local limitando a súa capacidade de actuación, vulnerando a garantía constitucional da autonomía local e a distribución de competencias establecida. Non obstante, sí ten como atribución importante o apoio ás administración locais, e colabora e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.

Neste marco de colaboración cómpre destacar, ademais da colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para o desenvolvemento e execución de infraestruturas hidráulicas dos concellos, outras actuacións realizadas co obxectivo de acadar un uso responsable da auga.



Así desde, Augas de Galicia realízanse campañas de sensibilización e difusión en medios de comunicación que teñen por obxecto a promoción e o consumo responsable da auga, fomentando actitudes que reduzan o impacto ambiental humano sobre as masas de auga da Comunidade Autónoma. Tamén se promoven accións de divulgación e educativas en torno ao uso responsable da auga destinadas ao público escolar.

Sinalar, ademais, que a Administración hidráulica de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca hidrolóxica (non ten atribucións en relación coas infraestruturas). O obxectivo principal da súa xestión nestes períodos é adoptar as medidas axeitadas para garantir os usos prioritarios de acordo co establecido na normativa, fundamentalmente o abastecemento á poboación e a minimización dos efectos negativos sobre o medio natural, establecendo medidas, de ser o caso, que protexan a flora e a fauna fluvial.

Galicia conta, para o exercicio das súas competencias, coa súa normativa de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolórico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, que foi elaborado por Augas de Galicia, para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga e aprobado por Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro. Este plan constitúe a ferramenta de planificación, xestión e ordenación dos recursos hídricos de Galicia-Costa e define a política a seguir durante estes anos en materia de augas, que ten como obxectivos fundamentais acadar o bo estado das masas de auga e promover o seu uso sostible, e satisfacer axeitadamente as demandas de auga en equilibrio co medio ambiente.

Galicia dispón tamén dun instrumento máis específico que lle permite á Administración, ante un episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos dunha situación de seca. Este instrumento é o Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 1 de agosto de 2013.

Este plan recolle as medidas correctoras en relación coa utilización dos recursos hídricos ao obxecto de intensificar o aforro e acadar un aproveitamento aínda máis eficiente da auga ata que os recursos superficiais, subterráneos e as reservas encoradas recuperen os niveis necesarios; así como a fin de asegurar ao máximo os usos da auga para o abastecemento de poboacións e outros usos declarados prioritarios pola normativa.

Os documentos de planificación referidos foron elaborados tendo en conta as circunstancias e condicionantes do momento, con toda a información da que se dispoñía, coa participación de





todas as administracións públicas implicadas e coas achegas recibidas durante os distintos procesos de participación pública.

A preocupación polo estudo sobre o impacto ambiental e o cambio climático nos recursos hídricos é xeneralizada e estase a traballar e a analizar desde todos os ámbitos, a nivel europeo, estatal, autonómico e local. A incorporación e adecuación dos instrumentos de planificación aos escenarios futuros deberase realizar de xeito coordinado, segundo as directrices sinaladas na normativa e nos prazos que esta dita.

Desde a Xunta de Galicia trabállase para acadar esta adaptación mediante a revisión da planificación polo procedemento establecido e en coordinación coas demais administracións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46079
Data envío: 12/02/2019 14:07:51.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:07:35

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **34298**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo, don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre, “**a valoración pola Xunta de Galicia do impacto que está tendo a subida dos prezos do aluguer no comercio tradicional**”, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A actividade do comercio de proximidade vese influenciada por múltiples factores como a marcha da economía, a confianza das persoas consumidoras, o impacto da transformación dixital, a crecente mobilidade da cidadanía, os novos hábitos sociais ou mesmo a climatoloxía, entre outros.

O Goberno galego é consciente da importancia de procurar apoio ao tecido comercial da comunidade na adaptación a estas realidades cambiantes, moi especialmente con relación aos elementos que afectan a seu fortalecemento e crecemento mirando ao futuro.

Por iso estase a desenvolver o Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio Galego 2015-2020, coa colaboración e participación do propio sector, unha folla de ruta con 55 accións específicas artelladas ao redor de tres grandes retos: incrementar a competitividade do comercio de proximidade; impulsar a súa dixitalización e omnicanalidade e potenciar a súa excelencia, traballando na dinamización e na mellora continua.

Finalmente, recordar que o réxime xurídico aplicable aos arrendamentos de fincas urbanas está contido nunha lei estatal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:45:32
Nº Rexistro: 46205
Data envío: 13/02/2019 12:45:32.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:45:29

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35113** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego referidas á solicitude de condonación do préstamo outorgado por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira, a realización de xestións para deixar sen efecto o protocolo asinado o 18 de abril de 2018 entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña, así como a súa adhesión á proposta do Concello referida á creación dun consorcio para a xestión dos terreos portuarios da cidade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, quere poñer en valor que todos os grupos políticos aprobaron no Parlamento Galego unha iniciativa na que demandan ao Goberno central a liberación da débeda da Autoridade Portuaria, para que os cidadáns coruñeses reciban o mesmo trato que os cidadáns de Valencia.

A flexibilización da débeda, que é o que de momento ofrece Puertos del Estado, non é suficiente, xa que non ataca o problema de fondo.

Ademais, temos constancia de que a Autoridade Portuaria formulou varias alternativas para que se libere a débeda, seguindo a liña do protocolo suscrito pola Xunta co anterior Goberno.

Nese protocolo, a Xunta implícase cun investimento de 20 millóns de euros para comprar unha



parte dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo e abre a porta a que outras administracións se sumen e se forme un condominio. Deste xeito garántese a titularidade pública dos terreos portuarios e pódese reducir de forma importante a débeda da Autoridade Portuaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46140
Data envío: 12/02/2019 20:07:06.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:07:03

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35315** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no informe da Asociación Española de Carreteras (AEC) titulado Necesidades de investimento en conservación 2017-2018, as actuacións levadas a cabo para evitar a continua deterioración da rede viaria galega e a súa opinión referida á suficiencia do investimento estatal realizado nela nos últimos anos, así como a súa valoración respecto do nivel de afección do seu estado de conservación na sinistralidade e nos vehículos que circulan polas estradas”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O informe Necesidades de Inversión en Conservación 2017-2018 da Asociación Española de Carreteras (AEC), sobre o que se argumenta esta iniciativa, responde a un traballo desta asociación, que agrupa ás principais empresas do sector da conservación de estradas de España, e tenta poñer de manifesto da forma máis forte posible que se debe aumentar o investimento público no seu sector. Ao respecto de Galicia, sinalar que este informe non se refire, en concreto, ás redes da titularidade da Xunta de Galicia, senón ao conxunto de estradas. Cómpre subliñar que por parte da Xunta de Galicia se vén traballando desde o ano 2016 con especial intensidade nesta materia, a través do Plan de Reforzos de Firme ao que cada ano se van dedicando máis recursos. Para este ano 2019 os Orzamentos da Xunta de Galicia reservan a este fin 21,7 M€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46077
Data envío: 12/02/2019 14:07:20.976

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:07:16

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35405** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación co trazado da autovía A-52, ao seu paso pola provincia de Ourense e as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio de Fomento da súa mellora”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Autovía A-52 non é de titularidade autonómica, polo que a Axencia Galega de Infraestruturas carece de competencias para levar a cabo ningunha actuación relacionada coa súa conservación e/ou mellora, así como coa seguridade viaria das persoas usuarias. Todas estas cuestións deberán ser asumidas pola administración titular da vía e son, por tanto, de exclusiva competencia do Goberno central.

Non obstante, subliñar que desde a Xunta de Galicia se mantén unha liña de colaboración e coordinación constante coas distintas administracións implicadas de cara a incrementar a seguridade viaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46075
Data envío: 12/02/2019 14:06:58.663

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:06:54

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38409**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as intencións do Goberno galego de cumprir o acordo parlamentario do 1 de febreiro de 2018, referido á colaboración económica da Xunta de Galicia co Concello de Corcubión para revisar e actualizar o Plan especial de protección do conxunto histórico da vila, as razóns de que non exista ningún contacto nin comunicación ao respecto por parte da consellaría e a súa valoración das posibles consecuencias que o remate do prazo de vixencia dese plan poida ter para a rehabilitación e recuperación dese conxunto histórico”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de comunicarlle ao alcalde de Corcubión que o departamento que dirixe financiará cun orzamento de 100.000 euros a revisión do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico deste municipio. Nas vindeiras semanas, traballarase na redacción do documento co que se ratificará o compromiso adquirido pola Consellería”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:47:41
Nº Rexistro: 46237
Data envío: 13/02/2019 13:47:41.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:46:24

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 39371 formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para a execución das obras necesarias para a mellora da Estación de tratamento de auga potable do concello de Ordes”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

A Administración autonómica non pode interferir nas competencias da Administración local, xa que limitaría a súa capacidade de actuación, vulnerando a garantía constitucional da autonomía local e a distribución de competencias establecida. Non obstante, si ten como atribución o apoio ás administración locais e colabora e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.

Esta colaboración co Concello de Ordes reflíctese en actuacións realizadas, como a ‘Mellora na rede de saneamento e abastecemento a núcleos rurais no concello de Ordes’, por un investimento superior aos 210.000 euros.



Tamén, neste ámbito da colaboración técnica e financeira para a axuda ao Concello no exercicio das súas competencias locais, Augas de Galicia colaborou co Concello de Ordes, a petición do mesmo, na avaliación do estado da estación de tratamento de auga potable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 13:24:33
Nº Rexistro: 46390
Data envío: 15/02/2019 13:24:33.931

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 13:24:30

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **41237**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a opinión do Goberno galego referida ao expediente de tramitación do proxecto de instalación dunha planta de pneumáticos usados no polígono de Botos, no concello de Lalín”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á tramitación deste proxecto, realizouse un trámite de avaliación ambiental simplificado porque era o que lle correspondía segundo establece a Lei de avaliación ambiental. No marco deste trámite, foi efectuada consulta ao Concello de Lalín, que non recibiu resposta, tal e como consta no texto do informe de impacto ambiental que se pode consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que ten unha vixencia de catro anos dende a súa publicación.

En canto á localización, cómpre lembrar que de acordo aos criterios para plantas de xestión de residuos establecidos no Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) con carácter xeral este tipo de plantas situáranse preferentemente en polígonos industriais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:43:56
Nº Rexistro: 46232
Data envío: 13/02/2019 13:43:56.793

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:43:52

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **41462**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“o desenvolvemento do proceso de tramitación do expediente administrativo correspondente á solicitude da empresa Racso Soluciones, S.L. de autorización para a xestión de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil nunha nave en desuso do polígono de Botos, no concello de Lalín, as razóns do Goberno galego para non trasladar ao Concello a resolución de caducidade do expediente e o tipo de procedemento que vai seguir a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o novo trámite de avaliación ambiental”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á tramitación do proxecto, realizouse un trámite de avaliación ambiental simplificado porque era o que lle correspondía segundo establece a Lei de avaliación ambiental. No marco deste trámite, foi efectuada consulta ao Concello de Lalín, que non recibiu resposta, tal e como consta no texto do informe de impacto ambiental que se pode consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que ten unha vixencia de catro anos dende a súa publicación. En canto á resolución de caducidade, foi notificada ao Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:43:30
Nº Rexistro: 46230
Data envío: 13/02/2019 13:43:30.887

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:41:38

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **34716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **"a valoración que fai o Goberno galego da denominada "taxa rosa" aplicada aos produtos de hixiene feminina, e as actuacións que ten levado a cabo ou vai desenvolver ao respecto"**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Instituto Galego de Consumo e da Competencia, IGCC, ten entre os seus obxectivos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en Galicia. Un compromiso que se está a desenvolver tendo presente a necesidade de incidir na consolidación dun modelo de consumo máis equitativo en xénero.

Así, baixo o tema -Consumo e Xénero-, se teñen posto en marcha diferentes actividades divulgativas e formativas orientadas a concienciar ás persoas consumidoras sobre a interacción entre ambos e evitar a continuidade de estereotipos en canto aos roles masculinos e femininos. As iniciativas lévanse a cabo prestando unha especial atención á educación dos máis novos nun consumo en igualdade, así como dos profesionais en contacto con persoas consumidores, xuventude e voluntariado.

Polo momento, indicar que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia non ten constancia de reclamación algunha ao respecto da chamada -taxa rosa-, nin por parte do asociacionismo galego, nin por parte de persoas consumidoras e usuarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:45:24
Nº Rexistro: 46204
Data envío: 13/02/2019 12:45:24.464

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:45:21

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35457** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da aplicación en Galicia do Código de boas prácticas bancarias e as sancións impostas polo Banco de España, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para a aplicación por esas entidades de medidas xustas ás persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego do Consumo e da Competencia está en todo momento ao carón das persoas que poden resultar afectadas nos seus dereitos e intereses como consumidoras, traballando no seu asesoramento, na súa formación e no seu acompañamento para facer efectiva calquera reclamación que se dirixida a restituílos.

Efectivamente, no ámbito ao que se refire esta iniciativa aplícase o establecido no Real Decreto Lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de debedores hipotecarios, modificado polo Real Decreto Lei 5/2017, de 17 de marzo, onde se contén o Código de boas Prácticas para a reestruturación viable da débeda con garantía hipotecaria sobre vivenda habitual.

Esta norma prevé que o control, seguimento e supervisión do cumprimento do Código se realice a través da creación dunha Comisión de Control constituída ao efecto e configurada por once membros, coa participación do Ministerio de Economía e Competitividade, o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, un xuíz designado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, un secretario xudicial designado polo Ministerio de Xustiza, un notario designado polo Consello Xeral do Notariado, un representante do Instituto Nacional de Estatística, un representante da Asociación Hipotecaria Española, un representante do Consello Nacional de Consumidores e Usuarios, e dous representantes de asociacións non gobernamentais que realicen labores de acollida.



O texto engade que esta Comisión publicará semestralmente un informe no que avalíe o grao de cumprimento do Código de Boas Prácticas e que o mesmo deberá remitirse á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados. De feito, ata o momento están publicados doce informes que poden consultarse na web do actual Ministerio de Economía e Empresa.

Tales informes inclúen tamén o número e resultado das reclamacións recibidas no departamento de Conducta de Mercado e Reclamacións do Banco de España, xa que o devandito Real Decreto Lei designa ao Banco de España como competente para resolver as reclamacións derivadas do presunto incumprimento polas entidades de crédito do Código de Boas Prácticas.

Por último, cómpre mencionar que a norma atribúe a esta Comisión de Control a posibilidade de analizar e elevar ao Goberno propostas relativas á protección dos debedores hipotecarios.

Tendo en conta este marco normativo e os sistemas de control que se están desenvolvendo ao seu abeiro, a actuación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia céntrase en levar a cabo un seguimento dos resultados, así como en información e orientar as persoas afectadas na nosa comunidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:16:36
Nº Rexistro: 46190
Data envío: 13/02/2019 11:16:36.070

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 11:16:32

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38410**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as intencións do Goberno galego de cumprir o acordo parlamentario do 1 de febreiro de 2018, referido á colaboración económica da Xunta de Galicia co Concello de Corcubión para revisar e actualizar o Plan especial de protección do conxunto histórico da vila, as razóns de que non exista ningún contacto nin comunicación ao respecto por parte da consellaría e a súa valoración das posibles consecuencias que o remate do prazo de vixencia dese plan poida ter para a rehabilitación e recuperación dese conxunto histórico”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de comunicarlle ao alcalde de Corcubión que o departamento que dirixe financiará cun orzamento de 100.000 euros a revisión do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico deste municipio. Nas vindeiras semanas, traballarase na redacción do documento co que se ratificará o compromiso adquirido pola Consellería”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46249
Data envío: 13/02/2019 15:32:40.784

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 15:32:20

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34139** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o modelo de xestión, o cronograma de construción e os usos que lle vai dar o Goberno galego ao edificio do Hospital Provincial durante a ampliación de Montecelo e unha vez que estea rematado”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao seu escrito do 11.02.2019 (núm. rexistro saída 13988), remítolle nova resposta, elaborada pola Consellería de Sanidade, á pregunta número 34139 e que ten o seguinte contido:

“1º) O modelo de xestión aínda non está definido.

2º) Está previsto que no último trimestre deste ano estean finalizados os trámites do PSIS, do proxecto básico e de execución e de expropiación de terreos necesarios. Nese momento poderá tramitarse a licitación da obra. A adxudicación da obra marcará os prazos de construción.

3º) Non está prevista a externalización de servizos de atención sanitaria.

4º) No plan funcional está contemplada a posibilidade de que entre os servizos complementarios poida haber unha gardería ou un centro de día para maiores.

5º) Os servizos sanitarios que se presten no complexo hospitalario de Montecelo serán de carácter público, titularidade pública e con persoal público.

6º) A elaboración tanto do Plan funcional como do Plan de espazos realizouse entre os meses de febreiro e maio de 2017, dándose por rematado no mes de xuño. A elaboración do Plan funcional foi moi participativa, contando cos profesionais do complexo en cada fase tanto a través dos respectivos xefes de servizo como a través de suxestións; cos cidadáns que puideron participar no mesmo a través de buzóns tanto físicos como de web con suxestións; e así mesmo contouse coa participación das institucións públicas e das asociacións de pacientes.

O Plan funcional e de espazos foi presentado aos profesionais e cidadáns no mes de xuño de 2017.



Nestes momentos está en fase de exposición pública o PSIS que recolle un resumo de espazos.

7º) Manterá un uso dotacional asistencial”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 13:24:55
Nº Rexistro: 46391
Data envío: 15/02/2019 13:24:55.806

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 13:24:51

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38720** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas que está a padecer o sector da elaboración dos produtos do mar e as súas previsións respecto da realización dalgunha actuación que impulse o desbloqueo da negociación colectiva nel”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica valora de xeito positivo o acordo alcanzado polas empresas e a representación das traballadoras e traballadores deste sector, en virtude do labor de mediación desenvolvido polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Tratase dunha industria que é estratéxica para Galicia, que xera máis de 13.100 postos de traballo directos, polo que resulta esencial a súa estabilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46062
Data envío: 12/02/2019 14:04:26.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:04:21

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **39324** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verae outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o prazo e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o arranxo das carencias e deficiencias existentes no Hospital de Monforte**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Os medios e o persoal dos que dispón o Hospital de Monforte son os correctos e adecuados de acordo coa asistencia de calidade prestada.

Nos últimos tempos, dotouse ao hospital de máis recursos, tanto humanos como materiais. Temos implantado o servizo de HADO, co aumento dun facultativo no servizo de Medicina Interna, incremento de TCAE e enfermería.

A Xunta non oculta ningún dato, nin de derivacións nin de listas de agarda, as cales son publicadas cada semestre na páxina do Servizo Galego de Saúde.

Nestes últimos anos véñense facendo melloras no Hospital de Monforte. No momento actual estase a traballar, conxuntamente entre o Sergas e a xerencia do hospital, nun plan funcional integral de mellora do hospital.

O estudo das necesidades de persoal realizado no Hospital de Monforte, ten en conta todas as variables presentes entre a poboación á que presta atención sanitaria.

No Hospital de Monforte, ingresan pacientes con fractura ao igual que noutros centros que prestan asistencia sanitaria, atópase dentro do rango normal para o tipo de pacientes aos que prestamos asistencia.

Estase a traballar nun proxecto que aumente a área de atención do servizo de HADO, pensando, sobre todo, nos núcleos de Chantada e Quiroga, tendo en conta as isocronas correspondentes.



No Hospital de Monforte estase a traballar para tratar de ter o menor persoal posible en situación de eventualidade, como demostra o plan de estabilización no que está inmerso o hospital.

Non foi necesario o aumento de persoal do laboratorio.

As listas de agarda do hospital de Monforte son as que aparecen publicadas na páxina do Servizo Galego de Saúde, sendo unhas das mellores listas de toda Galicia.

O Hospital de Monforte tan so deriva a centro concertado, estudos de resonancia magnética de pacientes ingresados ou preferentes, cando non se atopa a RM móvil no hospital, sendo estes poucos casos.

No Hospital de Monforte atendemos a gran maioría dos pacientes de cirurxía xeral, derivando ao HULA, o noso hospital de referencia, aqueles casos que requiren dunha técnica ou duns medios non dispoñibles no noso centro. Dita derivación é a mesma que en anos anteriores, sen que se deriven máis casos no momento actual ca no pasado.

As colonoscopias realizadas no Hula do distrito de Monforte, corresponden ao programa do cribado de cancro de colon, ofertado a toda a poboación. Acoden a realizar a colonoscopia aqueles que na proba do cribado contén cuns resultados que recomenden facer dita proba. Dito programa conta cunha serie de criterios de calidade e cantidade de estudos anuais para poder realizar este tipo de estudos, o que fai que estean centralizados nun centro dentro de toda a área”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46136
Data envío: 12/02/2019 20:06:20.340

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:06:16

CSV: bbx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33847** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Tellado Filgueira, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o investimento de 218 millóns de euros anunciado por Endesa na central das Pontes”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42261 que tivo lugar na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?
part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=5026](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=5026)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46082
Data envío: 12/02/2019 14:08:23.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:08:19

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35249** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións en relación coa solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 13 de xullo de 2018 pola secretaria xeral Técnica deste Departamento, a través da iniciativa 32213. Pode acceder á resposta premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-07-13?part=ebd3bba0-3a4f-46eb-8095-1b2c8113d160&start=891>

A nosa posición segue sendo a mesma desde o primeiro momento: será o estrito cumprimento das garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas as que marquen a tramitación administrativa do proxecto, garantías que por certo están fixadas na Lei de Ordenación da Minería aprobada en 2008 polo Goberno bipartito.

O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do xacemento están seguindo o procedemento de tramitación ordinario, de acordo co que establece a lexislación autonómica, que inclúe 15 informes sectoriais e unha Declaración de Impacto Ambiental.



A Administración actúa coa máxima transparencia, atendendo todas as dúbidas dos diferentes colectivos nas reunións celebradas, poñendo a súa disposición a documentación de todos os expedientes relativos á explotación mineira, tanto en tramitación como os que se resolveron no pasado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 13:00:39
Nº Rexistro: 45933
Data envío: 11/02/2019 13:00:39.966

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 13:00:36

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36657** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para planificar o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia, a avaliación que fai da situación na que se atopan ao respecto as centrais térmicas galegas, en concreto a de Meirama, e a súa participación nalgunha mesa ou espazo de coordinación co Ministerio de Transición Ecolóxica o algún outro departamento cara a esa transición, así como a súa opinión referida á súa planificación para a adaptación de Galicia ás exixencias europeas”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42357 que tivo lugar na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bceec2d7b&start=5894>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46067
Data envío: 12/02/2019 14:05:35.648

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:05:28

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38795** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia das dificultades existentes na negociación colectiva do sector da elaboración dos produtos do mar, o mantemento dalgunha xuntanza coa patronal ao respecto e as súas previsións referidas á revisión das condicións para a concesión de axudas a este sector co fin de garantir unhas condicións laborais axeitadas e facilitar a conciliación da vida familiar e laboral”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica valora de xeito positivo o acordo alcanzado polas empresas e a representación das traballadoras e traballadores deste sector, en virtude do labor de mediación desenvolvido polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Tratase dunha industria que é estratéxica para Galicia, que xera máis de 13.100 postos de traballo directos, polo que resulta esencial a súa estabilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46060
Data envío: 12/02/2019 14:04:08.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:04:05

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39911** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo referida ao pagamento dos gastos hipotecarios, as súas intencións referidas ao incremento dos medios do Instituto Galego de Consumo e da Competencia para posibilitarlle a labor de asesoramento ás persoas consumidoras de produtos financeiros, así como a posta en marcha dalgunha medida en materia de consumo fronte ás políticas comerciais e abusos das entidades financeiras”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está comprometida en todo momento coa protección dos dereitos das persoas consumidoras, polo que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia desenvolve un intenso traballo en favor da súa concienciación, o seu asesoramento, a súa formación e, por suposto, o seu acompañamento para facer efectiva calquera reclamación dirixida a restituílos.

Esta actuación lévase a cabo poñendo todos os medios materiais, humanos e técnicos que resulten precisos para estar ao lado das persoas que resulten afectadas por unha problemática destas características, pero tamén desde o respecto e a colaboración institucional.

Neste sentido, mencionar que a normativa obxecto da decisión do alto tribunal é estatal e que, como consecuencia, foi modificada polo Goberno central por medio do Real Decreto-lei 17/2018, do 8 de novembro, polo que se modifica o Texto refundido da Lei do Imposto sobre



Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1993, do 24 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:17:19
Nº Rexistro: 46193
Data envío: 13/02/2019 11:17:19.211

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 11:17:16

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40709** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector e as actuacións que está a levar a cabo para apoiar e impulsar o comercio electrónico en Galicia, así como a súa opinión respecto da situación na que se atopan os pequenos comerciantes”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O sector comercial non é alleo á transformación dixital que se está a producir como consecuencia da incorporación á vida diaria de cidadáns e cidadás das tecnoloxías de información e comunicación e os cambios que están a provocar nos hábitos de consumo.

Tanto o comercio de proximidade galego como a Xunta son conscientes desta realidade e desde o primeiro momento se está a traballar para impulsar a modernización e innovación dos pequenos establecementos comerciais. O obxectivo é facilitar o apoio necesario para que desenvolvan novas formulas de promoción e comercialización que dean resposta a un mercado cada vez máis cambiante, onde o consumo dixital se mestura co presencial, pero tamén onde os valores destes comerciantes cobran máis vixencia á hora de diferenciarse e competir.

Na actualidade, este compromiso recóllese no Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio Galego 2015-2020, unha folla de ruta consensuada co sector que contempla 55 accións específicas



artelladas ao redor de tres grandes retos: incrementar a competitividade do comercio de proximidade; impulsar a súa dixitalización e omnicanalidade; e potenciar a súa excelencia, traballando na dinamización e na mellora continua”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46135
Data envío: 12/02/2019 20:06:11.309

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:06:08

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40650** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual dos procesos de concentración parcelaria que se están a desenvolver nas parroquias de Están, Goián e Figueiró, no concello de Tomiño, os atrancos que impiden o seu remate e as medidas que se están a adoptar para superalos, así como as previstas polo Goberno galego no que atinxe á mobilidade das terras”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró (Tomiño - Pontevedra) está en fase de acordo pendente de firmeza, con toma de posesión provisional dada.

Estímase que durante o ano 2019, finalizarán os traballos de tramitación de modificacións do acordo e de validación, co que se poderá obter a firmeza do mesmo e elaborar os títulos de propiedade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:59:03
Nº Rexistro: 45924
Data envío: 11/02/2019 12:59:03.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:58:58

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36616** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao apoio prestado polo Goberno galego aos grupos de acción local do sector pesqueiro durante o período 2016-2018 e as accións adoptadas nos anos 2017 e 2018, así como a súa valoración respecto da evolución que presenta esta liña de traballo desde o ano 2009”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 4 de outubro de 2018 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por medio da resposta á iniciativa 36622.

Poden consultar o arquivo audiovisual premendo a seguinte lizagón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-10-04?part=20bd1036-848b-4ec1-9e88-2d0cbd82c131&start=4746>

No marco da convocatoria de axudas de 2018 aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), cofinanciadas co FEMP, a Consellería do Mar subvenciona 75 proxectos destes grupos por un valor de máis de 4,4 millóns de euros. Unha contía que permitirá mobilizar un investimento global de máis 11,6 millóns de euros.

Tamén destacou que, dos proxectos aprobados, un 33% son promovidos por mulleres ou xente nova das áreas litorais e que a maioría das iniciativas subvencionadas teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras.



Séguenlle os proxectos enfocados ao aumento do valor, á creación de emprego, á atracción de mocidade e á promoción da innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura e, no caso de proxectos non produtivos, o fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46074
Data envío: 12/02/2019 14:06:48.835

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:06:45

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36626** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai o Goberno galego da superficie marisqueira rexenerada, a súa valoración en relación co desenvolvemento do Plan de rexeneración das zonas improdutivas e o número de proxectos financiados pola Consellería do Mar neste ámbito en colaboración coas confrarías ou entidades asociativas do sector pesqueiro, así como as medidas que se van levar a cabo para ese fin”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Entre o 2010 e o 2018 recuperáronse máis de 12,5 M de m² de superficie de zonas improdutivas, investindo arredor de 8,3 millóns de euros nun total de 236 proxectos executados a través das propias confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda, indicar que a recuperación de mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura, tendo programado investir un total de 4 millóns de euros, cunha media dun millón de euros ao ano, destinados á rexeneración de 10 millóns de m² máis de bancos marisqueiros que perderon a súa capacidade ou potencialidade produtiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46073
Data envío: 12/02/2019 14:06:40.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:06:37

CSV: bbx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36628** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido da proposta presentada por Portos de Galicia a Portos do Estado para a mellora da sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se atopan nas proximidades, así como os prazos estimados pola Consellería do Mar para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 4 de setembro de 2018, o director de Portos de Galicia reuniuse cos responsables de Puertos del Estado nesta materia. Nesta reunión entregouse aos novos responsables de Puertos del Estado o documento técnico previo do proxecto, redactado para a súa supervisión.

Durante o mes de novembro recibíronse os comentarios desde Puertos del Estado e axustouse o proxecto que foi entregado a Portos de Galicia en decembro de 2018.

Nesta situación, neste inicio de ano, Portos de Galicia vai dar traslado á Autoridade de Portuaria da Coruña e Vilagarcía dos proxectos de sinalización marítima no seu ámbito de competencia para o seu informe previo vinculante. A documentación xa está preparada e contactouse cos responsables de ambas as institucións.

Unha vez obtido o informe poderase licitar esta parte e teranse os criterios de redacción de proxecto para o resto dos sinais marítimos a colocar nas rías de Arousa, Aldán, Pontevedra e Vigo. Desta maneira garántense os criterios para que o mantemento posterior á instalación sexa o máis eficiente posible ao colocar unicamente 2 ó 3 tipos de sinais diferentes.



Portos de Galicia conta cunha partida orzamentaria de 850.000 euros nos Orzamentos de 2019 para esta actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46072
Data envío: 12/02/2019 14:06:32.804

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:06:12

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36630** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os medios humanos e materiais que posúe a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración que existe neste ámbito con outras administracións e o gasto orzamentario destinado para ese fin**”, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os medios humanos do Servizo de Gardacostas de Galicia compóñeno un total de 136 efectivos, que se reparten entre os servizos centrais en Santiago de Compostela (con 21 persoas) e o resto nas 9 bases operativas coas que conta este servizo repartidas por todo o litoral.

Cabe sinalar que nos últimos anos reforzouse o Servizo de Inspección Veterinaria de Gardacostas, ata alcanzar un corpo de 16 inspectores veterinarios, para mellorar a trazabilidade co control dos produtos que chegan ao mercado procedentes das nosas praias e rías ademais de garantir a súa calidade e salubridade para os consumidores. Ademais, ampliouse a actuación noutros elos da cadea de comercialización e transformación.

Ademais, de forma xeral, reforzáronse os medios propios de Gardacostas. No 2014 incorporáronse ao Servizo de Gardacostas de Galicia 22 persoas interinas.

Por outra banda, está finalizado o proceso de cobertura de **20 novas prazas mediante o proceso de concurso-oposición**.

A maiores, sinalar que en 2018 o servizo renovou 17 vehículos e nos próximos dous anos **contará con catro novas embarcacións** aptas para tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, control e apoio á frota, colaboración en operacións de busca e salvamento marítimo e participación en actividades de loita contra a contaminación.



En canto ás colaboracións con outras administracións, indicar que houbo unha mellora da coordinación con outros corpos e medios de loita contra o furtivismo. Doutra maneira, a Xunta contribúe tamén subvencionando a contratación de arredor de 140 gardapescas a través das confrarías.

Cómpre lembrar tamén as actuacións de avance xurídico – legal, é dicir, a tipificación do furtivismo como delito, materializada en 2015 coa reforma do Código Penal.

Outras accións encamiñadas á loita contra o furtivismo foron unha serie de medidas de sensibilización social: en 2015 coa posta en marcha dunha campaña de concienciación ‘Non piques, non peques’ en medio de comunicación social da nosa comunidade, en 2016 coa entrega de máis de 5.000 paipais para concienciar aos turistas da ilegalidade que supón a extracción de marisco sen permiso, campaña que se repetiu en 2018, ou a posta en marcha da app móbil ‘Non piques, non peques’, que leva acumuladas máis de 10.000 descargas.

Por último, sinalar que o custe anual deste Servizo é de 26 millóns de euros, do que se fai cargo esta consellería”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46071
Data envío: 12/02/2019 14:06:07.508

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:06:04

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36634** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido do proxecto levado a cabo pola Confraría de Noia, con cargo a fondos europeos, para a comercialización do berberecho etiquetado cun selo de calidade, así como a achega económica da Consellería do Mar para ese fin”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Confraría de Noia xa comezou a promocionar a nova marca de calidade coa que distribuirá o berberecho procedente das augas de Noia. Foi presentado oficialmente durante as Xornadas Técnicas do Berberecho, celebradas o ano pasado.

Este proxecto obtivo unha axuda da orde pola que se establecen as bases reguladores para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobados nos grupos de acción local do sector pesqueiro.

O custe total do proxecto foi de 153.974 euros, recibindo unha axuda de 117.790 euros.

O obxectivo xeral do proxecto é dotar ao berberecho da costa galega dunha entidade propia e diferenciada no mercado como recurso sostible, mediante estudos de xenética poboacional, xenómica e microbioma. Isto vai a permitir a autenticación da orixe xeográfica.

A propia confraría elaborou un regulamento polo que se establece as condicións da trazabilidade e conservación que debe cumprir o produto para poder ser comercializado baixo esta marca.

Tras analizar varios deseños, o Pósito xa ten un logotipo para este fin, que salienta o carácter artesanal da actividade marisqueira do municipio.

Por outra banda, a entidade tamén ten previsto manter reunións con compradores e profesionais da restauración para que se animen a cumprir os requisitos e usar voluntariamente



este selo de calidade.

As expectativas deste proxecto son boas, e estase a percibir un aumento do interese de conserveiras para comercializar este bivalvo, nalgún caso de plantas de transformación vascas e catalás”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46069
Data envío: 12/02/2019 14:05:58.023

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:05:52

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36637**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, “**o traballo levado a cabo pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura e a valoración do Goberno galego en relación coa colaboración da Consellería do Mar co Instituto Español de Oceanografía ao respecto**”, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 8.02.2019- polo director xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ao darlle resposta á pregunta 42203 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46250
Data envío: 13/02/2019 15:35:53.924

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 15:35:35

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36640** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A falta de profesionais titulados náutico-pesqueiros está a acentuarse nos últimos anos, especialmente nas frotas de altura, pese aos esforzos por ampliar a oferta formativa en todos os niveis.

Neste senso, nos últimos dez anos saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar preto de 1.570 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras con atribucións para exercer mando en buques de altura. Defendemos unha formación náutico-pesqueira que sirva como proceso de afianzamento da capacitación e experimentación práctica sen menoscabar a alta competencia e aptitude que os profesionais do mundo do mar necesitan.

Entendemos que a boa formación ofrecida nas Escolas de formación náutico-pesqueira permite unha ampliación e flexibilización das atribucións que teñen conferidas para realizar as tarefas a bordo e o despacho de buques. Por último, desde a Xunta apostamos por facer atractiva a actividade de toda a cadea mar-industria ás novas xeracións a través da formación e das melloras de habitabilidade a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46068
Data envío: 12/02/2019 14:05:46.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:05:42

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37842** formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de doan María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 4 de setembro de 2018, o director de Portos de Galicia reuniuse cos responsables de Puertos del Estado nesta materia. Nesta reunión entregouse aos novos responsables de Puertos del Estado o documento técnico previo do proxecto, redactado para a súa supervisión.

Durante o mes de novembro recibíronse os comentarios desde Puertos del Estado e axustouse o proxecto que foi entregado a Portos de Galicia en decembro de 2018.

Nesta situación, neste inicio de ano, Portos de Galicia vai dar traslado á Autoridade de Portuaria da Coruña e Vilagarcía dos proxectos de sinalización marítima no seu ámbito de competencia para o seu informe previo vinculante. A documentación xa está preparada e contactouse cos responsables de ambas as institucións.

Unha vez obtido o informe poderase licitar esta parte e teranse os criterios de redacción de proxecto para o resto dos sinais marítimos a colocar nas rías de Arousa, Aldán, Pontevedra e Vigo.

Desta maneira garántense os criterios para que o mantemento posterior á instalación sexa o máis eficiente posible ao colocar unicamente 2 ó 3 tipos de sinais diferentes.



Portos de Galicia conta cunha partida orzamentaria de 850.000 euros nos Orzamentos de 2019 para esta actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46065
Data envío: 12/02/2019 14:05:14.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:05:11

CSV: bbx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **39134** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e a opinión do Goberno galego en relación coa situación laboral existente no sector da elaboración dos produtos do mar con procesos de refrixeración, as súas previsións respecto da realización das actuacións necesarias diante da patronal co fin de axilizar a negociación para o asinamento do convenio colectivo do sector, así como a exixencia dunhas condicións laborais e salariais dignas para a concesión das axudas públicas”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica valora de xeito positivo o acordo alcanzado polas empresas e a representación das traballadoras e traballadores deste sector, en virtude do labor de mediación desenvolvido polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Tratase dunha industria que é estratéxica para Galicia, que xera máis de 13.100 postos de traballo directos, polo que resulta esencial a súa estabilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46059
Data envío: 12/02/2019 14:04:00.493

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:03:56

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40633** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co resultado das eleccións para a renovación dos órganos de dirección das confrarías de pescadores celebradas no ano 2018, no que atinxe á representación das mulleres, así como do reducido número de candidaturas femininas presentadas, a realización dalgunha análise do seu baixo nivel de representación nos órganos de goberno relacionados co mar, as súas causas e as xestións que vai levar a cabo para a acadar a paridade neles”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A consellería do Mar quere destacar unha vez máis o papel da muller no eido marítimo-pesqueiro, xa que a figura da muller do mar está consolidada e ten unha voz máis forte que nunca nos órganos representativos decisórios e consultivos do sector.

En canto á pregunta formulada, tralas eleccións unificadas celebradas no pasado mes de setembro de 2018, a presenza da muller nos cabidos e xuntas xerais das confrarías de pescadores incrementouse nun 56%, pasando de 200 mulleres no 2014 a 350 no 2018.

Por outra banda, debemos lembrar que a figura feminina representa o 5% do sector da pesca extractiva, con preto de 500 mulleres, e o 25% do sector acuicultor, con aproximadamente 1.500 mulleres.

A isto hai que engadir que o sector feminino representa tres de cada catro profesionais do marisqueo a pé, das redes e das fábricas transformadoras e conserveiras.

A Xunta de Galicia leva máis de 25 anos traballando pola profesionalización do sector e o recoñecemento dos dereitos da muller mariñeira.



Neste punto temos que poñer en valor proxectos como o de cooperación 'Candieira', dentro dos grupos de acción local do sector pesqueiro. Este proxecto consiste nunha rede de apoio e promoción á muller do mar que permitiu transmitir á sociedade a súa situación actual laboral e dar a coñecer a súa realidade social, abordando as problemáticas e definindo os principais retos e prioridades.

En canto ao número de permisos de explotación no marisqueo, o número medio anual de novos permex no goberno actual é case o dobre dos outorgados anualmente polo bipartito. Ademais, a media de ingresos medrou nun 40% desde 2009.

Por último, temos que salientar a recente celebración do I Congreso Internacional de Mulleres da Pesca en Galicia, no que o Goberno central, a Xunta e a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) reivindicamos a posta en valor do papel da muller no sector, facendo de Galicia o porto base para a creación desta gran rede mundial de mulleres do mar.

Para maior información, poden consultar a resposta da Conselleira do Mar na sesión plenaria do 21 de novembro, a través da iniciativa 36641, na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-21?part=fda71b85-efc3-4639-bda6-4bc843e143be&start=4033.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-21?part=fda71b85-efc3-4639-bda6-4bc843e143be&start=4033)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 12:59:12
Nº Rexistro: 45925
Data envío: 11/02/2019 12:59:12.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2019 12:59:08

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40808** formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopa o edificio da antiga lonxa de Camariñas, as xestións que vai levar a cabo para dotala de utilidade e as súas previsións respecto da transferencia ao Concello da súa titularidade”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia ten recibido por parte do Concello de Camariñas unha petición de cesión da titularidade da lonxa vella para a creación dun centro de interpretación de naufraxios.

Ante esta petición, o ente público ten solicitado ao Concello a presentación dunha memoria do proxecto para avaliar a viabilidade da cesión.

Esta memoria non se ten recibido polo momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46056
Data envío: 12/02/2019 14:03:20.884

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 14:03:17

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41210** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a situación na que se atopa o proceso de adxudicación e posterior apertura da cafetería da Estación Marítima de Cangas”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia outorgou o 16 de outubro de 2018 a concesión para a explotación da cafetería da estación marítima de Cangas, cun prazo de dous meses para o inicio da actividade por parte da concesionaria.

Antes de expirar dito prazo a concesionaria presentou unha solicitude para facer unha remodelación no edificio.

Ante esta petición e para autorizar a actuación con todas as garantías, Portos de Galicia ten requirido unha mellora de documentación técnica, que estudará e outorgará, se procede, autorización para a obra, o que dilataría o prazo de apertura da cafetería”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46133
Data envío: 12/02/2019 20:05:54.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2019 20:05:51

CSV: bbx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42503** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Xunta de Galicia na promoción e desenvolvemento dos campionatos de caza de raposo”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 7 de febreiro de 2019 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 23715.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a celebración de campionatos de caza de raposo.

Pode consultarse tal resposta no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=6008>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:41:34
Nº Rexistro: 46229
Data envío: 13/02/2019 13:41:34.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:41:21

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:16:11
Nº Rexistro: 46187
Data envío: 13/02/2019 11:16:11.351
Data 13/02/2019 11:16

galicia

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38746**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún tipo de campaña institucional de fomento dos xoguetes que non conteñan estereotipos de xénero, de cara a época do Nadal e/ou outras épocas do ano”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten un compromiso firme co impulso da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que actualmente se recolle no VIII Plan Estratéxico, un instrumento marco no que se perfilan as medidas a desenvolver no período 2017-2020 para seguir avanzando nos distintos ámbitos.

Neste contexto, mencionar a campaña -Xoguetes para a igualdade. Xogamos Iguais. Os xoguetes non teñen sexo-, que foi levada a cabo o pasado Nadal coa participación da Secretaría Xeral de Igualdade e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo. A finalidade foi sensibilizar sobre o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes para así loitar contra os estereotipos de xénero que persisten. Ao seu abeiro distribuíronse carteis e marcapáxinas cun decálogo de consellos en centros comerciais, comercios, centros de ensino, centros de saúde e concellos.

A maiores, recordar que a Escola Galega de Consumo desenvolve unha importante actividade de formación e concienciación na que os valores de igualdade e non discriminación están presentes. Entre elas está o programa Infonadal-Consumo que promove a reflexión sobre como



inflúe a publicidade na elección dos regalos e ofrece uns criterios responsable para evitar os estereotipos de xénero, a través de charlas participativas e obradoiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 11:16:11
Nº Rexistro: 46187
Data envío: 13/02/2019 11:16:11.351

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 11:16:07

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 42694** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os conflitos nos servizos de atención sanitaria urxente do sistema galego de saúde”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os Servizos de Urgencias dos hospitais públicos de Galicia contan con profesionais ben formados e de alta cualificación, así como con infraestruturas e equipamentos adecuados que permiten o desenvolvemento da súa actividade cun elevado nivel de calidade.

Son Servizos dimensionados, tanto na estrutura física como en recursos humanos e técnicos, para atender dunha maneira axeitada a un número determinado de pacientes, en base a poboación de referencia que atenden.

A realidade é que de forma sistemática revisamos e redeseñamos as urxencias, para mellorar o servizo e tamén as condicións nas que desenvolven o seu traballo os profesionais.

Mantemos un diálogo constante con eles, cos servizos, cos seus representantes.

A plantilla media do Servicio Galego de Saúde incrementouse dende o 2008 ao 2018 en 2353 profesionais.

A Consellería de Sanidade mantén canles específicos de diálogo e agarda que se poidan acadar o máis pronto posible acordos que sexan beneficiosos para os cidadáns e para os profesionais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 13:24:25
Nº Rexistro: 46389
Data envío: 15/02/2019 13:24:25.353

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 13:24:20

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42813** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o modelo de xestión do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia**”, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Remítimonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta número 42815 que tivo lugar no Pleno do día 30 de xaneiro de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=8161>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:43:49
Nº Rexistro: 46198
Data envío: 13/02/2019 12:43:49.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:43:42

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42854** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración e intencións da Xunta de Galicia no relativo á situación do servizo de urxencias no hospital de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Remítimonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 40247 que tivo lugar no Pleno do día 30 de xaneiro de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=2146>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:43:26
Nº Rexistro: 46197
Data envío: 13/02/2019 12:43:26.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:43:22

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42969** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do apoio do Goberno galego aos campionatos de caza do raposo, a xustificación ecolóxica desta actividade e as previsións respecto a súa abolición”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 7 de febreiro de 2019 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 42968.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a celebración de campionatos de caza de raposo.

Pode consultarse tal resposta no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=6008>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:41:12
Nº Rexistro: 46228
Data envío: 13/02/2019 13:41:12.921

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 13:40:57

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43145** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou pendentes de adoptar polo Goberno galego, para a través do SERGAS e da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) da Coruña, paliar a situación asistencial denunciada na atención á saúde mental na área da Coruña”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrutura da Unidade de Agudos do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña está destinada ao ingreso de enfermos agudos con patoloxías que precisan estabilización hospitalaria e estadias medias curtas (no 2017 a estadía foi de 17 días de promedio). Actualmente dispón de 34 camas estruturais. Nos últimos cinco anos o índice de ocupación anual medio estivo nun 80% da capacidade e polo tanto non se trata dunha unidade con sobreaforo en ningún caso.

As 34 camas están distribuídas en 8 habitacións de 2 camas, que están dotadas de cuarto de baño con ducha, lavabo e inodoro, e con 6 habitacións de 3 camas teóricas (aínda que pola ocupación da unidade a norma é que non se ocupen ao completo), que teñen dous baños comúns diferenciados para homes e mulleres, dous lavabos e dúas habitacións con inodoros.

O servizo cumpre coas ratios de persoal por paciente e coa que recomenda o Plan Estratéxico de Saúde Mental.

O persoal facultativo médico da Unidade de Hospitalización conta con 6 Psiquiatras e 3 Residentes, dos que 5 Psiquiatras levan o programa xeral das camas, atendendo de 6 a 7 pacientes cada un, cumprindo cos estándares que teñen todas as Unidades destas características e o sexto Psiquiatra leva a Unidade de Hospitalización a Domicilio (HADOP) que, integrada nesta Unidade, ten como obxectivo facilitar que se acorten as estadias intra hospitalarias e a integración familiar ao darse a alta hospitalaria.



Polo que se refire ao persoal sanitario non facultativo, conta con 14 enfermeiras, 9 TCAES, 1 traballadora social e 2 terapeutas ocupacionais.

O Servizo ten unha cobertura de garda médica de 15 a 8 horas, todos os días, de presenza física, integrada por un Psiquiatra e un Residente, que os sábados e domingos é de 24 horas. Os días laborais, de luns a venres, de 8 a 15 horas, cóbrese por un facultativo específico.

Polo que se refire a indicación de contención mecánica é unha prescrición médica que se efectúa de acordo ao protocolo existente. Na Unidade de hospitalización psiquiátrica adoptáronse medidas para equipar a mesma de dúas habitacións de vixilancia intensiva e/ou contención, que permita separar aos pacientes por sexo e/ou gravidade.

Os Equipos de Saúde Mental Infanto-Xuvenil son de carácter multidisciplinar na súa composición e interdisciplinares no seu funcionamento. É o equipo no seu conxunto o que asume á atención ao neno e ao xove.

O equipo básico de Saúde Mental para a infancia e a xuventude está integrado por psiquiatra, psicólogo especialista en psicoloxía clínica, enfermeiro/a especialista en saúde mental e traballador social.

En xaneiro de 2019, para establecer os protocolos de derivación ás Unidades de Saúde Mental, constituíronse grupos de traballo multiprofesionais, coordinados pola dirección asistencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46404
Data envío: 15/02/2019 15:34:52.468

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 15:34:49

CSV: bbx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 43363** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos dos accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas correspondentes ao ano 2018, as medidas previstas ao respecto e as súas intencións referidas á demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43361, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou que a Xunta está a intensificar a aplicación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, mediante o reforzo da mellora dos firmes, a execución de sendas peonís, no marco do Plan de sendas de Galicia, ou a Estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes, entre outras actuacións destacadas. Así mesmo, referiuse ás campañas de concienciación e educación en materia de seguridade viaria que está a promover a Xunta, co reparto de elementos reflectantes; os cursos de conducción segura dirixidos a motociclistas; campañas para chamar a atención sobre as distraccións ao volante ou para fomentar a convivencia e o respecto entre os distintos usuarios da estrada para salvagardar a seguridade dos ciclistas; ou a campaña "O Corazón está do teu lado", en distintos centros escolares da Comunidade.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=2031>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=2946>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46403
Data envío: 15/02/2019 15:34:44.687

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 15:34:41

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43475** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da necesidade dun cambio de sentido na xestión do conflito co persoal de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago, a súa política de recursos neste servizo e as previsións de cambios na dirección da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 40247 que tivo lugar no Pleno do día 30 de xaneiro de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=2146>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 12:43:12
Nº Rexistro: 46196
Data envío: 13/02/2019 12:43:12.244

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2019 12:42:53

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43886** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da falta de cobertura da praza de pediatría que atende aos concellos de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo e as medidas adoptadas ou pendentes de adoptar pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O déficit de pediatras, ao non existir especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados, dificulta a cobertura do cadro de persoal desta categoría nas ausencias regulamentarias e situacións de incapacidade temporal. Este déficit dificulta máis, se cabe, a cobertura nas zonas rurais e sobre todo as que cobren varias localidades.

No caso do servizo de pediatría dos concellos de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo a pediatra encóntrase en situación de incapacidade temporal e o servizo estase a cubrir por unha pediatra vinculada ao servizo de Burela que se despraza ao Centro de Saúde de Mondoñedo dous días a semana en quedan de tarde para dar asistencia pediátrica (incluíndo o programa neno san).

Cómpre indicar que a atención de urxencia que a diario realizan os pediatras, de non estar estes, é prestada polo médico de familia, e se este o considera necesario poderá derivar ao neno ao hospital de referencia.

Ante a escaseza de pediatras estanse a levar a cabo importantes esforzos para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos servizos de atención primaria. As ausencias dos



profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no conxunto da área, utilizando todos os recursos dos que se dispón nos servizos nos que son máis necesarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46402
Data envío: 15/02/2019 15:34:37.093

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 15:34:33

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43947** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas para previr os danos causados, polo lobo e o porco bravo, na gandeiría e nos cultivos agrícolas”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta cuestión foi contestada na sesión do Pleno do Parlamento celebrada o pasado 13 de febreiro de 2019 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 43949.

Na súa intervención, a conselleira respondeu ás preguntas formuladas sobre as bases de dita orde de axudas, os criterios empregados e as consultas realizadas ao sector.

Pode consultarse tal resposta no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-13?part=932875c7-2491-4b0e-a11a-2c7c921b76f4&start=6371>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 13:24:15
Nº Rexistro: 46388
Data envío: 15/02/2019 13:24:15.900

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 13:24:12

CSV: bbx9qzcy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 44033** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o servizo de atención pediátrica no Centro de Saúde do concello de Bueu**”, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Bueu conta cunha poboación de 12.189 habitantes (INE/IGE 2016). O número total de TIS (a 31-12-2018) é de 11.728, das cales 1.412 son TIS de pediatría.

Para prestar asistencia sanitaria, o SERGAS dispón de 1 Centro de Saúde con PAC que atende só á poboación deste Concello.

O número de prazas de pediatría é de 2 neste centro de saúde.

Analizada a actividade de Pediatría (á que se refire a pregunta parlamentaria), dende o ano 2014 ao 2018 a mesma diminuíu, tanto a actividade total como o programa do neno san neste centro de saúde.

No Centro de Saúde de Bueu, desde o 18 de outubro de 2018, hai unha praza de pediatría sen cubrir que está sendo asumida pola outra pediatra, por acordo entre esta e a Dirección; esta medida é de carácter temporal, mentres non se dispoña dun novo especialista para cubrila.

Respecto aos cupos de pediatría, desde as Sociedades Profesionais, se considera que os cupos non deben superar os 1250 nenos. Neste caso o cupo, neste momento en que se dispón tan só dun pediatra, supera lixeiramente esta cifra.

A Consellería de Sanidade ten trasladado en reiteradas ocasións ao Ministerio de Sanidade a petición de autorización de máis prazas de formación MIR de pediatría, concretamente se pasaría en Galicia de formar a 20 pediatras a 27.

A Consellería de Sanidade, para poder dar solución as dificultades que se están a producir na



atención primaria, en grande parte derivados da escaseza/ausencia de profesionais nas lista de substitución, creou varios grupos de traballo co fin de avanzar nun novo modelo de Atención Primaria que dea resposta aos novos retos de asistencia e organización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46401
Data envío: 15/02/2019 15:34:28.937

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2019 15:34:25

CSV: bx9gzcqy1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: bx9gzcqy1

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

